

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Curso 2021/22 CEIP A Rúa

- 1.- Introducción e contextualización da programación da intervención de Audición e Linguaxe.
- 2.- Obxectivos
- 3.- Competencias
- 4.- Organización xeral da atención e apoios de Audición e Linguaxe para o actual curso no centro.
- 5.- Metodoloxía
- 6.- Organización de espazos, temporalización e recursos.
- 7.- Coordinación/comunicación cos titores, Departamento de Orientación e relación coas familias.
- 8.- Procedementos e instrumentos de avaliación. Indicadores para o seguimento da programación e da práctica docente.

1.- Introducción e contextualización da programación de intervención de Audición e Linguaxe .

A ensinanza é unha actividade intencionada, e non se pode dúbida de que un criterio básico para realizar unha actividade intencionada é confeccionar un plan de intervención. A necesidade de deseñar unha programación que sistematice o proceso no desenvolvemento da acción didáctica axudaranos a eliminar o azar, o cal non significa eliminar a capacidade de engadir novas ideas, corrixir erros, rectificar previsións, etc. Sistematizará e ordenará o proceso de ensino-aprendizaxe. Evitaranos perdas de tempo e permitirá adaptar o traballo pedagóxico ás características culturais e ambientais do contexto.

Ao mesmo tempo, a Programación contará coa suficiente flexibilidade e apertura para deixar posibilidades á creatividade e a reforma dos seus elementos. O feito de estar decidindo continuamente os medios máis idóneos para chegar a onde pretendemos converte a Programación nunha actividade sempre dinámica, non rematada nin ríxida. A súa función será determinar constantemente as prácticas educativas ao contexto para a consecución dos obxectivos previstos.

Esta programación está redactada en consonancia ao Plan de Atención á Diversidade, á PXA e o Departamento de Orientación.

2.- Obxectivos

2.1.Obxectivos xerais:

- Previr os posibles trastornos e alteracións da linguaxe, estimulando a linguaxe oral e facilitando as condicións para unha rehabilitación específica.
- Facilitar ao alumnado a recuperación das dificultades que presenten na linguaxe, favorecendo o seu proceso de integración escolar e social.
- Espertar no alumnado a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos cos demais.
- Fomentar que o alumnado asuma a súa dificultade na área da linguaxe de forma natural, como forma de motivarlle na realización das actividades.
- Favorecer as posibilidades expresivas mediante a participación activa da linguaxe en xogos, conversacións e actividades da vida cotiá.
- Completar outros aspectos da aprendizaxe escolar para que sirvan de reforzo á hora de empregar a linguaxe, tanto oral coma escrito.
- Potenciar a lectura, propoñendo técnicas que a faciliten, como recurso para acceder a outras áreas de coñecemento.
- Manter contactos periódicos cos titores e familias para xeneralizar logros ou constatar dificultades engadidas.

2.2. Obxectivos específicos:

- Capacidades favorecedoras:

- Favorecer e mellorar a atención.
- Desenvolver a percepción auditiva e visual.
- Favorecer e mellorar a memoria.
- Fomentar a imitación directa.
- Desenvolver progresivamente a capacidade simbólica a través do xogo.
- Adquirir e utilizar as nocións espacio-temporais básicas.
- Tomar conciencia da presión e relaxación das distintas partes do corpo.
- Mellorar o tipo e a capacidade respiratoria.
- Conseguir unha adecuada coordinación fono-respiratoria.
- Respirar correctamente, coa axilidade e ritmo axeitados para acadar unha boa fonación.

- Nivel fonético-fonolóxico:

- Acadar un maior control da tonicidade dos órganos bucofonatorios , así como unha maior precisión e coordinación dos mesmo na articulación.
- Mellorar a capacidade de discriminación e integración léxica, silábica e fonémica.
- Aumentar a memoria auditivo-secuencial.

2021/2022

- Lograr a correcta articulación de todos os fonemas.
- Lograr a correcta articulación de ditongos crecentes e decrecentes.
- Acadar a correcta articulación dos grupos consonánticos.
- Integrar a articulación correcta na linguaxe espontánea.

● Nivel léxico-semántico:

- Aumentar o vocabulario e a capacidade de evocación.
- Incrementar a capacidade léxica a nivel comprensivo e expresivo.
- Comprender as relacións semánticas existentes entre as palabras.
- Ampliar o campo semántico do alumno mediante o desenvolvemento da capacidade para establecer asociacións, comparacións, clasificacións, categorizacións e definicións verbais.

● Nivel morfosintáctico:

- Desenvolver o uso correcto dos diferentes elementos morfolóxicos da linguaxe.
- Favorecer a conciencia sintáctica.
- Establecer e afianzar o esquema oracional simple.
- Desenvolver o uso de oracións compostas.

2021/2022

●Linguaxe comprensiva:

- Desenvolver a capacidade de interpretación e seguimento de ordes e mensaxes orais.
- Comprender o significado de frases de dificultade crecente.
- Desenvolver a capacidade de captar e recabar os detalles máis relevantes de relatos oídos.
- Desenvolver a lóxica verbal.
- Favorecer a comprensión da linguaxe implícita.

●Pragmática:

- Analizar o uso das función que o neno atribúe a súa linguaxe.
- Desenvolver as funcións comunicativas orais adecuadas ao seu nivel de desenvolvemento.
- Desenvolver a capacidade de participar en conversacións de grupo.
- Desenvolver a capacidade de participar a nivel oral en actividades da vida cotiá.

●Prosodia:

- Controlar o ritmo de expresión oral, traballando variacións rítmicas que respeten os aspectos estruturais da lingua e evitando as rupturas mecánicas, os cortes, o silabeo...
- Conseguir unha entoación expresiva.

2021/2022

- Acadar unha intensidade de fala controlada, variada e expresiva, evitando a monotonía.
- Controlar que a velocidade de locución sexa normal.
- Realizar correctamente as pausas no discurso oral.
- Utilizar o ritmo, entoación e intensidade axeitados a cada momento discursivo.

- Voz:

- Implantar nos nenos hábitos de hixiene nasal e rinofarínxea.
- Evitar bloqueos respiratorios e contraccións nos músculos que interveñen na respiración.
- Favorecer a ausencia de tensión nos órganos fonoarticulatorios no momento da fonación e emisión vocal.
- Axilizar e flexibilizar os órganos da articulación para acadar un maior aproveitamento dos resonadores e mellorar a claridade articulatoria.
- Manter unha correcta coordinación fono-respiratoria, levando a cabo sempre a emisión vocal durante a expiración.
- Mellorar a calidade do timbre de voz, tratando de potenciar o uso das caixas de resonancia.
- Obter un ataque vocal do son suave e preciso.
- Utilizar a altura tonal axeitada e potenciar e desenvolver a extensión sonora ou gama tonal para mellorar a entoación e conseguir unha voz máis melódica.

2021/2022

● Comunicación non verbal:

- Crear a necesidade de comunicarse no neno.
- Adquirir e desenvolver a capacidade comunicativa (comprensiva e expresiva).
- Potenciar a linguaxe a través do corpo.
- Dotarlle dun instrumento para comunicarse: SAAC.
- Proporcionar aos seus posibles interlocutores as estratexias e habilidades conversacionais utilizadas na comunicación.

● Lecto-escritura:

- Desenvolver a conciencia fonolóxica.
- Adquirir, automatizar e xeneralizar o uso das regras de conversión grafema-fonema/fonema-grafema.
- Favorecer unha boa mecánica lectora.
- Establecer e afianzar representacións léxicas para palabras e asociais ao seu significado (ler globalmente as palabras).
- Desenvolver a lectura comprensiva.
- Desenvolver a capacidade de escribir con letra clara.
- Lograr transcribir con corrección ortográfica as palabras e frases.
- Desenvolver a composición escrita: expresión.
- Adaptar os métodos de adquisición da lectoescritura ás características do alumando.

3.- Competencias

1.- Comunicación lingüística:

Esta competencia está referida ao uso das catro destrezas da linguaxe, escoitar, falar, ler e escribir. No caso dos niveis máis baixos de Educación Infantil as destrezas de falar e escoitar son prioritarias en lingua castelá e lingua galega pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e relatos.

Contidos que a desenvolven:

- Utilización da lingua oral para comunicar e expresar ideas, pensamentos e desexos.

- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico. Respetar a quenda de palabra, escoitar con atención e respecto. Uso do léxico preciso e variado. Estruturación gramatical correcta. Entoación e pronunciación clara.

- Interese pola análise dos aspectos fónicos das palabras. Segmentación de palabras en sílabas.

- Aproximación ao uso da lingua escrita.

- Textos de tradición literaria: poemas, adiviñanzas, trabalinguas, greguerías, refráns, contos populares relacionados con cada centro de interese traballado.

- Utilización de xestos e movementos corporais para a expresión e a comunicación.

- Representación de personaxes, feitos e situacións cotiás.
- Participación e disfrute en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

2.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

Nesta etapa séntanse as bases para que os alumnos constrúan, de forma coherente, as habilidades matemáticas e as utilicen de forma automatizada. Con esta competencia se pretende desenvolver e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás. Únense estas dúas competencias para relacionar as destrezas relacionadas coa iniciativa científica e o desenvolvemento do espírito de investigación co uso dos números como linguaxe en diversos soportes.

Contidos que a desenvolven:

- Propiedades dos obxectos e materiais, presentes no ámbito.
- Situación de si mesmo e de obxectos no espacio: entre, antes de, despois de. Propiedades dos obxectos: aberto, cerrado, rápido, lento, pesado, lixeiro. Composición de crebacabezas.
- Formas planas: cadrado, rectángulo, rombo, óvalo e corpos xeométricos: cono, esfera.
- Clasificación. Ordenación. Seriacións
- Cuantificadores: hai máis, hai menos, metade, igual que.
- Nocións básicas temporais: onte, hoxe, mañá. Mañá, tarde, noite. Antes, despois. Ordenación temporal: historietas

- Cálculo.

- Medida do tempo: o calendario e o rexistro da data. Os días da semana. Localización temporal de actividades cotiás.

- Ampliación do coñecemento do mundo a través da interacción coas persoas, os obxectos, a exploración do espazo e do tempo, a partires dos centros de interese que se traballan na aula ordinaria (o corpo, os alimentos, a familia, a vivenda, ...)

3.- Competencia dixital:

Esta competencia se basea no uso axeitado das tecnoloxías na sociedade da información, como ferramenta de traballo, ocio e comunicación. Os alumnos de Educación Infantil comezan a familiarizarse co ordenador e algúns dos seus usos.

Contidos que a desenvolven:

- Iniciación no uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e a Comunicación.

- Aplicación do vocabulario específico. Achegamento a producións audiovisuais e valoración dos seus contidos.

4.- Aprender a aprender

Nas etapas de Educación Infantil e Primaria é fundamental que poidan aprender gozando e facelo de forma eficaz e autónoma de acordo coas esixencias en cada situación. Esta competencia fai referencia á capacidade para proseguir e persistir na aprendizaxe, organizar o propio aprendizaxe, o

2021/2022

que conleva a realizar un control eficaz da información. Buscamos aprender a construír o coñecemento a partir das súas aprendizaxes e experiencias vitais.

Contidos que a desenvolven:

- Habilidade para superar os obstáculos.
- Obter, procesar e asimilar novos coñecementos e habilidades, así como a búsqueda e utilización dunha guía.
- Gusto polo xogo. Coñecemento, comprensión e aceptación das regras do xogo.
- Participación e confianza nas propias posibilidades.
- Hábitos elementais de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.

5.- Competencias sociais e cívicas:

Se refire ás formas de comportamento que preparan as persoas para unha vida socialmente eficaz. Os alumnos de estas etapas da educación serán competentes para escoitar, respectar a quenda de intervención, presentarse, prestar axuda,...

Contidos que a desenvolven:

- A familia e o centro escolar como primeiros grupos sociais.

2021/2022

- A rúa. Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade: profesións.
- Habilidades sociais: saudar, despedirse, pedir as cousas por favor, dar as grazas.
- Hábitos elementais de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación.
- Habilidades para a interacción e a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade e compañeirismo.
- Incorporación de pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, resolver conflitos mediante o diálogo.
- Interculturalidade: interese e disposición favorable, para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas de outras culturas.
- Recoñecemento dos acenos de identidade cultural do entorno e interese por participar nelas: Día da paz, O Entroido, Samaín, Día do libro,...

6.- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

Se unen elementos de desenvolvemento da autonomía persoal, coñecementos do mundo económico e valoración do entorno social e empresarial.

7.- Conciencia e expresións culturais:

Engloba coñecementos sobre a cultura propia e allea, o respecto polas diferenzas e a valoración da interculturalidade na nosa sociedade.

2021/2022

Contidos que a desenvolven:

- Expresión e comunicación de feitos e emocións a través de producións plásticas, utilizando técnicas e materiais diversos.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
- Discriminación de sons e os seus contrastes.
- Participación activa e goce na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.
- Utilización de xestos e movementos corporais para a expresión e comunicación.
- Representación de personaxes, feitos e situacións.
- Participación e goce en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

4.- Organización xeral da atención e apoios de AL para o actual curso no centro e prioridades.

As prioridades na intervención serán establecidas en función dos seguintes criterios, sempre de maior a menor necesidade para poder comunicarse.

2021/2022

1.- Alumnos cuxa competencia na comunicación oral estea ausente o seriamente comprometida e/ou precisan dun sistema aumentativo/alternativo de comunicación.

- Discapacidade auditiva
- Parálise cerebral
- Trastornos do espectro autista
- Discapacidade intelectual
- Trastornos Específicos da linguaxe

2.- Alumnos con dificultades na adquisición ou no desenvolvemento da linguaxe oral.

- Retraso da linguaxe e fala asociado a déficit auditivo, cognitivo e motor.
- Trastornos específicos da linguaxe.
- Retrasos da linguaxe e fala.
- Disglosias

3.- Alumnos con necesidades transitorias por alteracións funcionais no uso da linguaxe oral e/ou escrito.

- Dislalias
- Retraso simple da linguaxe
- Alteracións en lectoescritura asociadas ao proceso fonolóxico.

5.- Metodoloxía.

O núcleo de referencia básica da metodoloxía estará baseado nos principios de aprendizaxe significativo:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno e dos seus aprendizaxes previos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos co fin de que resulten motivadoras.
- Fomentar situacións nas que os alumnos poidan desenvolver practicamente as aprendizaxes aprendidas individualmente.
- Promover a interacción social como motor da aprendizaxe.
- Utilizar como medios de aprendizaxe significativo a intuición e os métodos indutivo e dedutivo.

Se parte dun carácter globalizador, tomándose para as actividades como centro de interese a linguaxe e onde se traballarán aspectos como: expresión, comprensión, articulación, vocabulario, linguaxe oral e linguaxe escrito, co fin de favorecer o desenvolvemento global do neno.

Ademais se baseará nos principios de socialización, creatividade, funcionalidade, motivación, manipulación e experimentación.

Será individualizada, activa, creativa, manipulativa e experiencial. Tamén será flexible, adaptándose aos intereses e necesidades do alumnado.

Coa colaboración de distintos profesionais: profesor-titor, mestre de apoio, mestra de pedagogía terapéutica, EOE, médico foniatra... establecéndose unha serie de reunións frecuentes cos titores, profesores de apoio, mestres de pedagogía terapéutica, orientador e pais, aportando orientacións e pautas a seguir co alumnado.

Ademais se utiliza unha estimulación plurisensorial a varios niveis: auditivo, visual e táctil.

Na organización das situacións de ensino-aprendizaxe, estas haberán ser moi estruturadas e sistemáticas para facilitar a aprendizaxe ao alumnado. Os obxectivos establecidos dependerán da súa evolución, podendo ser traballados en unidades posteriores debido á lentitude nalgunhas aprendizaxes. Ademais as actividades serán graduais e progresivas de menor a maior grao de dificultade, indo do máis concreto ao máis abstracto.

6.- Organización de espazos, temporalización e recursos

As sesións realizaranse tanto na aula ordinaria coma na aula de Audición e Linguaxe, dependendo das necesidades do alumnado.

A temporalización das intervencións está programada cunha duración dun curso académico, aínda que a diferente evolución irá marcando a duración da mesma.

Recursos persoais: Para atender de forma axeitada aos alumnos, se require a colaboración entre todos os profesionais que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe: orientadora, especialistas de PT, AL, titor, outros profesores con dispoñibilidade horaria, os propios compañeiros e familia

Recursos materiais: Ademais dos materiais que normalmente atopamos nas aulas, destacaremos materiais propios das áreas a traballar, material e recursos de elaboración propia, materiais de editoriais, materiais informáticos,...

7.- Coordinación/Comunicación coas titoras, Departamento de Orientación e relación coas familias.

As profesoras de apoio desempeñamos en todo momento funcións de coordinación entre nós e tamén co Departamento de Orientación.

Coordinámonos co profesorado titor en tódolos aspectos do proceso ensino-aprendizaxe tendo en todo momento presente os posibles cambios que deban facerse co fin de axudar ós nenos/as con necesidades educativas especiais e específicas de apoio educativo. Asesorarán ós titores/as sobre a promoción do alumnado e decidirán a retirada ou modificación dos apoios específicos.

Se contactará, cando sexa necesario, coas familias co fin de que os pais estean informados da avaliación dos seus fillos e tamén recibirán

orientación das pautas a seguir para que os seus fillos acaden os obxectivos programados.

8.- Procedementos e instrumentos de avaliación. Indicadores para o seguimento da programación e da práctica docente.

A avaliación será continua, co fin de establecer o proceso de retroalimentación entre intervención e avaliación; igualmente terá carácter individualizada ou criterial, é dicir, a avaliación estará baseada na comparación do alumno na súa situación inicial; haberá un primeiro momento (avaliación inicial) que nos dará conta das competencias do alumnado, así como das condicións materiais e persoais coas que conta para iniciar o proceso de aprendizaxe; unha valoración continua que se concretaría no seguimento individualizado día a día, seguimento trimestral do programa individual (por medio da observación, fichas de seguimento, diario de aula, etc.); así como na avaliación final, que se realizará xunto co titor, mestre de apoio e de pedagogía terapéutica e estará concretado nun informe final.

En canto a avaliación do alumnado avaliaremos o nivel acadado no proceso de comunicación; a motivación cara a aprendizaxe, os hábitos, estratexias e autonomía para aprender, as interaccións que establece cos seus iguais e con adultos, os aspectos máis relacionados coas necesidades máis específicas do alumnado.

2021/2022

Ademais de avaliar ó alumnado é necesario avaliar o proceso de aprendizaxe, para adaptarse ás posibles necesidades e cambios que poidan xurdir no proceso educativo e para observar se a práctica docente é axeitada, adaptándonos ás necesidades educativas.